


## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A ENTIDADE HALLMANNNS SL PARA A CELEBRACIÓN DO ARDE LUCUS 2024

Lugo, de 31 de maio de 2024

### REUNIDOS



Dunha parte, Don Jorge Bustos Atanasio, con DNI 33.537.892M en nome e representación do Excmo. Concello de Lugo (en adiante Concello), con NIF P-2702800-J, e domicilio na Praza Maior s/n, actuando en calidade de Concelleiro de Xuventude e Deportes, conforme as atribucións que lle son outorgadas polo artigo 124 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, delegada a competencia según o Decreto 464/2024 de 19 de xaneiro de 2024, do Libro Unico de Resolucións.

Doutra parte, Jose Ramon Fernandez Rodriguez., con DNI. 77592275G na súa calidade de GERENTE da entidade HALLMANNNS SL con NIF B27444702 e domicilio en Rúa dos Carros, Parc 14, Polig Industrial O Ceao, 27003 Lugo, recoñecéndose ambos capacidade para suscribir o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, e



### MANIFESTAN

Que O Excmo. Concello de Lugo, como todos os anos, pon en marcha a XXIII edición do *Arde Lucus*, unha festa de recreación histórica que devolverá a cidade de Lugo a época do Imperio Romano (siglo I-II d.C.). O *Arde Lucus* recorda a fundación da cidade dentro do incomparable marco histórico que proporciona a Muralla de Lugo, declarada Patrimonio da Humanidad pola UNESCO no ano 2000, y é unha oportunidade para acercarse o pasado romano de Lugo, e coñecer a sua historia. Esta festa foi cobrando importancia ao conxugar cultura e ocio, converténdose nun referente a nivel nacional, como o demostra a sua gran repercusión mediática e de afluencia de público. No ano 2017 foi recoñecida como *Festa de Interés Turístico Nacional* e alcanzando o máximo renomecemento no 2023 como "*Festa de Interese Turístico Internacional* "

O art. 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, permite a suscripción de convenios coa finalidade de mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuir a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade presupuestaria e sustentabilidade financeira. Visto o interese da entidade HALLMANNNS SL, por colaborar co Concello de Lugo no desarrollo da XXIII edición do *Arde Lucus*, ambas partes acordan firmar este Convenio de

Colaboración, acolléndose ao art. 47.2.c) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, que permite os convenios entre unha Administración Pública u organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de Dereito privado, e o art. 25.1 da Lei 49/2002, do 23 de decembre, de Réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais o mecenazgo, e

### CONVEÑEN

**PRIMEIRO.-** O obxecto deste convenio é a colaboración económica, sen carácter exclusivo, por parte da entidade HALLMANN'S SL, da XXIII edición do *Arde Lucus*, que se celebrará entre os días 13 e 16 de xuño de 2024. A celebración da festa, entendida como promoción e prestación dun servizo público que contribúe a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, é competencia do Concello de Lugo, según o art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

**SEGUNDO.-** Como parte desta colaboración, a entidade HALLMANN'S SL, financia, mediante a entrega da cantidade de 3.000,00, os gastos executados e asumidos polo Concello na celebración do *Arde Lucus*. Dita cantidade ingresarase na conta do Concello de Lugo número ES59 2080/0101/ 56/3110000947, sempre con carácter previo ao inicio das actividades e preferiblemente a firma do convenio.

**TERCEIRO.-** Pola súa parte, o Concello de Lugo incluírá os logotipos da entidade -- HALLMANN'S SL nos carteis e programas realizados con motivo do *Arde Lucus*, e difundirá por todos os medios de comunicación que utilice para a difusión da festa, a participación da entidade colaboradora nela. O rematar o *Arde Lucus*, o Concello enviará a entidade colaboradora un dossier informativo e recopilatorio das actividades realizadas durante a mesma.

**CUARTO.-** O incumplimento de calquera das cláusulas deste Convenio de colaboración dará lugar a rescisión inmediata das obrigas contraídas polas partes. Será causa de extinción do Convenio igualmente as expostas no art. 51.2 da Lei 40/2015.

**QUINTA.-** Este Convenio ten a consideración de Convenio de colaboración, e non constitue en ningún caso contrato de patrocinio nin de prestación de servizos. O seo réxime xurídico será o contido na seguinte lexislación:

- Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Ley 49/2002, de 23 de decembre, de Réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais o mecenazgo.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

**SEXO.**- As dudad que se presenten na interpretaci3n ,execuci3n deste Convenio de colaboraci3n ser3n resoltas por unha Comisi3n Mixta integrada por dous membros de cada unha das partes. E no caso de que persista a discrepancia, 3sta ser3 resolta pola Excma. Sra. Alcaldesa, cuxa resoluci3n por3 fin a v3a administrativa e poder3 ser obxeto dos recursos correspondentes.

**S3PTIMO.**- Este Convenio non ser3 prorrogable, e estar3 en vigor desde a data da s3a firma ata o 16 de xu3o de 2024.  
Por todo o exposto, firman as partes o presente acordo por triplicado, en proba de conformidade na data arriba expresada.

O CONCELEIRO DE XUVENTUDE E DEPORTES		HALLMANN S.L
Jorge Bustos Atanasio		Jose Ram3n Fernandez Rodriguez
		 <b>Hallmann</b> <b>ENERGY</b> HALLMANN ENERGIE, S.L. C.I.F. B-2144772 R3a dos Carros, Parc. 14 Pol. Industrial O Ceag - 27003 Lugo Tel.: +34 982 200 221